



**EXPTE. 4/2022 (EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 1237/2022):
“SERVIZO DE CONTROL DE GATOS RUEIROS NO CONCELLO DE
SANXENXO.”**

ASUNTO: INCOACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O 07 de marzo de 2022 esta alcaldía asinou, aos efectos do artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, referente á necesidade e idoneidade do contrato, unha memoria, que se incorpora no expediente como acto preparatorio do contrato e que literalmente recolle:

“O 3 de marzo de 2022 a técnica municipal de medio ambiente, Carmen Manuela Méndez Pérez, emitiu informe xustificativo da insuficiencia de medios, para a prestación do servizo de control de gatos rueiros dentro do Concello, en aras do establecido no artigo 116.4 f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Neste informe se xustifica, ase mesmo, a necesidade da contratación do servizo: *“Ao non dispor o Concello dun servizo de recollida e un centro onde trasladar estes animais, deberíase buscar algunha solución a este problema e tendo en conta o disposto na Lei 4/17, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, a cal atribúe no artigo 26, competencias sobre colonias felinas, a cal dispón que, os concellos poderán establecer, conforme as condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do entorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional. Os gatos integrantes destas colonias felinas deberan ser capturados para o seu marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do Concello, a quen compete a vixilancia e control sanitario destas poboacións.*”

En cumprimento ao disposto na lexislación anteriormente recollida compre realizar unha actuación consistente nun o programa de control de gatos rueiros (captura, marcaxe, control sanitario, esterilización e solta), así como cubrir os gastos veterinarios pertinentes cando aparezan gatos enfermos ou feridos, para tratalos adecuadamente mentres non se poidan volver a soltar, xa que os servizos municipais (emerxencias, policía local, servizos, etc.) cando son alertados para atender unha chamada dun gato abandonado, ferido, enfermo ou atropelado non teñen medios para atender dito requirimento.





Dito servizo debese contratar externamente ao non dispor o concello de medios propios para levalos a cabo, xa que necesitaría instalación axeitadas para realizar os tratamentos necesarios aos animais , así como persoal veterinario cualificado para realizar ditas tarefas, medios cos que neste momento non se dispoñen no concello, nin temos previsións de adquirilos.”

Na mesma data, o 03 de marzo, é redactado o prego de prescricións técnicas (PPT) que rexirá este contrato, no que se establecen as obrigas técnicas a desenvolver, o valor estimado do contrato e demais aspectos reguladores do contrato. Na cláusula 3ª xustifícase a necesidade desta contratación.

Remitíndome, tanto ao informe xustificativo da insuficiencia de medios como ao PPT, queda xustificada a necesidade de contratar este servizo e de iniciar o antes posible o procedemento correspondente, xa que a falta de acción municipal pode provocar un gran número de problemas hixiénico-sanitario, de seguridade, económicos e medioambientais.

Todo o que se fai constar aos efectos do artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, referente á necesidade e idoneidade do contrato, debéndose incorporar a presente memoria no correspondente expediente de contratación. “”

Esta alcaldía, á vista dos antecedentes expostos, e no uso das competencias atribuídas, **resolve**:

1º) Ordear a incoación do expediente para a contratación do “SERVIZO DE CONTROL DE GATOS RUEIROS NO CONCELLO DE SANXENXO”, mediante procedemento aberto simplificado do artigo 159.6 da LCSP e tramitación ordinaria.

2º) A elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares, así como a emisión dos correspondentes informes.

En Sanxenxo
O alcalde - Telmo Martín González
O secretario xeral - Ángel Luís López Pita
(documento asinado electrónicamente)

